



PREMIO HONORÍFICO AO LABOR DAS MULLERES DO CONCELLO DA ESTRADA

Organizado polo Centro de Información ás Mulleres do Concello da Estrada este premio pretende recoñecer a labor e a traxectoria daquelas mulleres que de xeito tanto individual como colectivo ou ben a través de entidades públicas ou privadas, contribuíran ao longo dos anos ao empoderamento da muller e polo tanto a conseguir unha sociedade mais igualitaria para o exercicio dos dereitos en igualdade de condicións.

Ao mesmo tempo este recoñecemento servirá de impulso para o recoñecemento da actividade emprendedora levada a cabo por mulleres na Estrada e visibilizar a importancia do papel desenvolvido polas mesmas.

Por iso, decidiuse convocar este premio segundo as seguintes

BASES

1. Obxecto

O obxectivo deste premio é impulsar e recoñecer o esforzo e o labor de mulleres, empresas ou colectivos de mulleres, tanto públicos como privados no Concello da Estrada.

2. Requisitos das participantes

Poderán optar a ser candidatas:

-Todas aquelas mulleres que nacesen, residisen ou residan na Estrada e que desenvolvan aquí a súa actividade social, empresarial ou cultural.

-Todas aquelas entidades publicas ou privadas, empresas ou asociacións que desenvolveran ou veñan desenvolvendo a súa actividade social, empresarial ou cultural na Estrada.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5D2E4P54EAXS6ES4Z7GH22A5 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



3. Candidaturas

As candidaturas poderán presentarse de tres xeitos:

- 1) Por proposta dalgún dos membros do xurado.
- 2) Por iniciativa propia ou a instancia de terceiros no Rexistro Central do Concello da Estrada mediante solicitude.
- 3) Aquelas candidaturas que non resulten premiadas, poderán ser valoradas polo xurado en anos posteriores.

O prazo para a presentación das candidaturas publicarase cada ano durante o mes de febreiro, e pecharase sempre dez días antes da celebración do acto de entrega do premio.

4. Premio

O premio constará dun recoñecemento simbólico mediante a entrega dunha **escultura conmemorativa** á unha única persoa ou entidade galardoada e sen dotación económica.

5. Criterios de valoración

Valóranse os seguintes aspectos:

- Traxectoria persoal /empresarial /social.
- Puntos relevantes da dita traxectoria.
- Repercusión e pegada do seu labor entre a cidadanía.
- Visibilización de mulleres que desenvolvesen actividades que promovan o empoderamento dentro do ámbito da igualdade.

6. Xurado

O Xurado estará composto por persoas representativas procedentes dos ámbitos da igualdade de oportunidades, do mundo empresarial, cultural e institucional da Estrada.

Os membros do xurado serán:

- Concelleira de Benestar Social e Igualdade, como presidenta.
- Concelleiro/a de Cultura.
- Unha/un concelleiro/a de cada grupo da oposición.
- Unha/un representante dunha asociación empresarial, comercial ou hostaleira por sorteo.
- Unha/un representante sindical por sorteo.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





- Un persoeiro do eido cultural elixido cada ano por consenso por todos os membros fixos do xurado.
- Unha representante das asociacións de mulleres activas no ámbito municipal das inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións por sorteo .
- A directora do CIM que actuará tamén en calidade de secretaria.

En caso de empate nas votacións do xurado, este resolverase co voto de calidade da Presidenta.

A/os representantes das asociacións e dos sindicatos serán elixidos cada ano por sorteo, que será feito diante dun representante de cada grupo político con representación na Corporación do Concello do Estrada. Neste sorteo sacaranse tres propostas para poder ter opcións en caso de renuncia ou de non poder contactar. Tamén nese mesmo momento se acordará a persoa elixida para representar o eido cultural.

Para poder ser parte do Xurado as Asociacións de Mulleres deberán acreditar actividade nos anteriores 12 meses.

Se algunha das candidatas propostas fose algunha persoa ou asociación que ao mesmo tempo formase parte do xurado, quedará excluída de tal condición o ano que sexa candidata.

7. Fallo e entrega do premio

O xurado xuntarase entre o día un e o sete de marzo para determinar o fallo, o cal adoptarase por maioría simple e será inapelable.

Este fallo publicaranse no taboleirona páxina web do Concello da Estrada e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de A Estrada, darase a coñecer a través dos medios de comunicación e, directamente, á persoa ou entidade galardoada.

O premio será entregado nun acto solemne que celebrará ao redor do 8 de marzo de cada ano.

Nota: cada participante, polo mero feito de participar, acepta estas bases, así como a divulgación dos méritos a través dos medios de comunicación. Calquera outra circunstancia non prevista nas bases será resolta polo xurado e as súas decisións serán inapelables.

Todos os membros do xurado comprométese a gardar absoluta reserva e discreción sobre as propostas presentadas.

Na Estrada a 21 de febreiro de 2022
Asdo. A concelleira

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5D2E4P54EAXS6S4Z7GH22A5 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3